

MATERIA

Aprendizaxe da Lingua Oral

TITULACIÓN

Grao en Mestre de Educación Infantil (2ª ed.)/Dobre Grao en Mestre de Educación Infantil e en Mestre de Educación Primaria

unidade
didáctica
3

Teorías e investigacións actuais na adquisición e no ensino-aprendizaxe da lingua oral

Lara Lorenzo Herrera

Área de Didáctica da Lingua e da Literatura
Departamento de Didácticas Aplicadas
Facultade de Ciencias da Educación

unidadesdidácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>

© Universidade de Santiago de Compostela, 2023

Deseño e maquetación

J. M. Gairí

Edita

Edicións USC

usc.gal/publicacions

DOI

<https://dx.doi.org/10.15304/9788419679468>

MATERIA: Aprendizaxe da lingua oral

TITULACIÓN: Grao en Mestre de Educación Infantil (2ª edición) / Dobre Grao en Mestre de Educación Infantil e en Mestre de Educación Primaria

PROGRAMA XERAL DO CURSO

Localización da presente unidade didáctica

Unidade I. O proceso comunicativo na etapa de Educación Infantil

A comunicación e a lingua oral

A natureza biolóxica e a natureza social da linguaxe

O proceso comunicativo na aula de Educación Infantil

Unidade II. Adquisición da linguaxe e aprendizaxe da lingua oral: etapas e principais características

As características e as etapas da emerxencia do compoñente fónico

As características e as etapas da emerxencia do compoñente morfosintáctico

As características e as etapas da emerxencia do compoñente léxico-semántico

As características e as etapas da emerxencia do compoñente pragmático

Unidade III. Teorías e investigacións actuais na adquisición e o ensino-aprendizaxe da lingua oral

As posturas tradicionais sobre a adquisición da linguaxe

As correntes actuais: o formalismo e o funcionalismo

As metodoloxías actuais: o enfoque experimental e o enfoque observacional

Unidade IV. Adquisición e aprendizaxe da lingua oral en contextos bilingües

Bilingüismo individual e social. Plurilingüismo e multilingüismo

A competencia bilingüe/plurilingüe: definición e características

Os fenómenos bilingües: a alternancia e a mestura de códigos

Unidade V. A lingua oral no currículo de Educación Infantil

O marco lexislativo vixente. A presenza da lingua nos obxectivos xerais

Os contidos fixados para a área de comunicación e representación

O impulso do modelo plurilingüe

Unidade VI. A lingua oral na aula de Educación Infantil

As destrezas comunicativas na aula

A presenza de distintas variedades de lingua

As competencias lingüísticas, sociolingüísticas, discursivas e funcionais nas actividades de Educación Infantil

ÍNDICE

PRESENTACIÓN

XUSTIFICACIÓN

OBXECTIVOS

METODOLOXÍA

CONTIDOS BÁSICOS

1. Introducción
2. As posturas tradicionais sobre a adquisición da linguaxe
 - 2.1 Condutismo
 - 2.2 Innatismo
 - 2.3 Interaccionismo
- 2.3 Consideracións sobre as diferentes teorías da adquisición lingüística
3. As correntes actuais: o funcionalismo e o formalismo
4. As metodoloxías actuais: o enfoque experimental e o enfoque observacional

ACTIVIDADES PROPOSTAS

AVALIACIÓN

BIBLIOGRAFÍA

PRESENTACIÓN

A presente unidade didáctica, denominada «Teorías e investigacións actuais na adquisición e o ensino-aprendizaxe da lingua oral», pertence á materia de Aprendizaxe da Lingua Oral, correspondente ao segundo curso do Grao en Educación Infantil (2ª ed.) e do Dobre Grao en Mestre de Educación Infantil e Primaria. Segundo o plan de estudos das titulacións, esta disciplina forma parte do módulo didáctico-disciplinar de Educación Infantil. A súa carga lectiva é de 6 créditos ECTS e impártese no segundo semestre. Desenvólvese ao longo de catro sesións, dúas expositivas e dúas interactivas.

Ocupa o terceiro lugar dentro da programación docente da disciplina e céntrase na descrición das principais teorías e metodoloxías sobre a adquisición e a aprendizaxe de linguas. Abórdanse tanto os enfoques tradicionais coma os actuais desde un punto de vista na que se combinan aspectos historiográficos e de análise crítica.

XUSTIFICACIÓN

A materia está destinada á familiarización do alumnado coas principais características do desenvolvemento e da aprendizaxe da lingua oral na primeira infancia e á adquisición de competencias necesarias para abordar con eficacia situacións de aprendizaxe das linguas tanto en contextos monolingües coma multiculturais e multilingües. Por conseguinte, a presente unidade didáctica ten como función principal contextualizar os diferentes fitos da adquisición e do ensino-aprendizaxe de linguas tratados nas restantes unidades da materia e poñelos en relación coas dúas tradicións teórico-metodolóxicas que predominan na investigación do desenvolvemento da(s) lingua(s) materna(s): funcionalismo e formalismo.

Doutra banda, tamén se pretende contribuír a superar visións desfasadas sobre o desenvolvemento da linguaxe infantil que aínda predominan fóra dos círculos de especialización e desterrar unha idea moi afianzada: a linguaxe infantil non supón unha versión reducida da linguaxe adulta e debe tratarse coma un sistema con importancia intrínseca e coas súas propias características. Isto implica observar os erros coma obxecto de estudo e non coma unha desviación da norma, ademais de aplicar categorías de análise adaptadas á natureza evolutiva e dinámica dos fenómenos lingüísticos infantís.

OBXECTIVOS

Do conxunto dos obxectivos xerais da materia, nesta unidade didáctica traballaranse os seguintes:

- coñecer os fundamentos lingüísticos, psicolingüísticos e didácticos da aprendizaxe da lingua oral;
- aprender a identificar as distintas variables e contextos que inflúen no desenvolvemento lingüístico da nenez;

Concédeselle así importancia á caracterización teórica dos principios metodolóxicos que rexen as teorías psicolingüísticas máis relevantes no eido da adquisición e da aprendizaxe da lingua. Así mesmo, de entre as competencias globais da materia, esta unidade contribúe á consecución das seguintes:

- que o estudantado saiba aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo;
- que o estudantado teña a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de tipo social, científico ou ético.

Doutra banda, é preciso definir os obxectivos específicos vencellados:

- afondar nos fundamentos teóricos e metodolóxicos dos paradigmas funcionalista e formalista sobre a adquisición da linguaxe;
- considerar as diferenzas existentes entre os dous paradigmas e a súa contribución ao coñecemento actual sobre o desenvolvemento da linguaxe;
- analizar cunha perspectiva crítica as posturas clásicas sobre a adquisición da lingua materna;
- comprender a necesidade de mudar as visións reducionistas e estereotipadas sobre a linguaxe infantil;
- coñecer os métodos e técnicas máis empregados na investigación da linguaxe infantil.

METODOLOXÍA

Os contidos da unidade didáctica desenvolveranse a través da combinación das sesións expositivas e interactivas impartidas de maneira presencial. As primeiras centraranse na clarificación dos contidos e conceptos básicos da materia, ilustrados con materiais seleccionados especificamente para a súa análise e comprensión. As segundas, pola súa parte, fundamentaranse no emprego de recursos de aprendizaxe que supoñan a participación activa do alumnado.

En canto á temporalización, esta unidade é a terceira que figura na programación da materia, polo que ocupará a primeira quincena do mes de marzo do segundo semestre do segundo curso do Dobre Grao en Mestre de Educación Infantil e Primaria e do Grao en Mestre de Educación Infantil.

O labor expositivo, en gran grupo, complementarase con actividades prácticas relacionadas cos contidos da exposición, mentres que no interactivo, en pequeno grupo, cobrará especial relevancia o traballo individual e en grupo desenvolvido tanto na aula coma de maneira autónoma. Búscase así propiciar, segundo o establecido pola memoria do título, o desenvolvemento de competencias ligadas ao pensamento crítico, innovador e creativo, así como ao desenvolvemento de competencias

transversais, tales como o coñecemento instrumental da lingua galega e o uso das Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC).

Os contidos teóricos serán expostos coa axuda de medios audiovisuais como as proxeccións de presentacións con diapositivas e a realización de esquemas no encerado. Asemade, os contidos teóricos desenvolvidos nas aulas estarán dispoñibles para todo o alumnado no Campus Virtual, medio a través do cal se achegarán os textos correspondentes ás actividades levadas a cabo na presente unidade didáctica.

Doutra banda, a titorización individual ou en pequeno grupo permitirá a orientación do alumnado dunha maneira máis personalizada para a correcta execución das distintas tarefas e prácticas ao longo do curso e a resolución de dúbidas e dificultades que poidan presentarse tanto cos contidos das expositivas como das interactivas.

Por último, cómpre destacar o papel do Campus Virtual como complemento docente e como un instrumento de titorización a través do que se realiza un seguimento das tarefas desenvolvidas nas sesións interactivas e dos traballos obrigatorios.

CONTIDOS BÁSICOS

1. Introducción

Historicamente a linguaxe infantil ten sido un obxecto de interese desde distintas disciplinas dado o seu carácter complexo, condicionado por factores máis aló dos estritamente lingüísticos (biolóxicos, cognitivos, contextuais, culturais, individuais, universais, sociais...). Isto colocouno no núcleo de varios debates de carácter científico e filosófico pola súa significación respecto ao funcionamento da mente e do comportamento humano. Así, ten sido abordado por estudosos que pertencen a distintos eidos: filosofía, bioloxía, antropoloxía, socioloxía, pedagogía, lingüística, neuroloxía...

Aínda que existen antecedentes de traballos que tiñan como punto de interese a linguaxe infantil, o seu estudo desde unha perspectiva científica resulta moderno e sitúase a finais do século XIX e comezos do XX. Con posterioridade, xa nos anos cincuenta, naceu a psicolingüística como disciplina, enfocada no estudo da vertente psicobiolóxica da linguaxe e na que a ontoxenia lingüística ocupa un lugar central. E dun xeito máis concreto, a psicolingüística evolutiva desenvolveuse nos anos sesenta debido á influencia da revolución chomskiana e á súa concepción mentalista da linguaxe (Hoff-Ginsberg, 1997).

Desde entón, a interdisciplinabilidade do campo é algo constante e prevalece na actualidade. Isto deu lugar á coexistencia dunha gran diversidade de correntes teórico-metodolóxicas que viron enfrontados os seus orzamentos de maneira frecuente. Tal panorama heteroxéneo reflíctese nas denominadas *questións horizontais* que afectan á linguaxe infantil (Serra *et al.*, 2000), xa que segundo a postura que se adopte, o marco teórico xirará nunha dirección determinada: o innatismo fronte ao rol da experiencia e do contexto, a modularidade da linguaxe fronte á non especificidade ou a importancia do aspecto social e comunicativo fronte á centralidade da gramática.

Convén resaltar ademais outra dicotomía que ten que ver co xeito de achegarse á linguaxe infantil e que foi sinalada por Ingram (1989) e Bloom (1991): a distinción entre *Child language* e *Child acquisition* formulada por Ingram e a distinción entre *Learnability-Theoretic research* e *Developmental perspective* formulada por Bloom. Os partidarios da linguaxe infantil ou do denominado *learnability approach* en inglés tradicionalmente eran lingüistas e baseábanse nunha teoría gramatical e nunhas hipóteses previamente establecidas, de forma que a fala infantil servía como medio de comprobación das súas premisas, que estaban sustentadas na fala adulta. Pola contra, aqueles autores interesados na adquisición da linguaxe ou no enfoque evolutivo (*developmental approach*), que adoitaban ser psicolingüistas ou psicólogos, outorgábanlle importancia aos datos e á linguaxe infantil por si mesma, de modo que a consideraban á parte do sistema adulto e observábana dentro da súa realidade comunicativa.

2. As posturas tradicionais sobre a adquisición da linguaxe

2.1 Condutismo

O condutismo, nacido a comezos do século XX grazas ás achegas de Pávlov e de Watson, analizou a linguaxe coma unha conduta ou comportamento verbal, interpretándoo en termos de «estímulo» «resposta», «aprendizaxe», «hábito», «imitación» e «reforzo». Os autores inscritos nesta corrente (Skinner, Staats e Osgood, entre outros) defendían a idea de que as condicións ambientais («estímulos») inducían comportamentos verbais específicos («respostas»). A realidade reducíase aos feitos observables e obxectivos e rexeitábase calquera construto mentalista: o comportamento só debía ser investigado polos seus condicionantes externos e a aprendizaxe era realizada de forma asociativa por imitación. O máximo expoñente desta postura é Skinner co seu traballo *Verbal Behavior* (1957), o cal é considerado coma un dos primeiros intentos de explicación da linguaxe.

Desde un punto de vista condutista, o comportamento verbal precisa da interacción de dous individuos (falante-oínte), de xeito que as producións verbais dos nenos actúan como operantes dun reforzo por parte do ambiente. Xa que logo, o estímulo ou reforzo por parte do adulto resulta determinante na adquisición da linguaxe, en forma de recompensa ou castigo segundo a agramaticalidade ou a corrección das secuencias emitidas polo bebé. Nun principio, as crianzas imitan para, posteriormente, asociar determinadas palabras con referentes situacionais ou presentes en obxectos por medio do *condicionamento operante*.

Desde unha perspectiva actual, a inviabilidade das propostas condutistas débese a que é imposible estudar polo miúdo a gran cantidade de continxencias de cada estímulo, o contexto e o correspondente reforzo (Serra *et al.*, 2000).

2.2 Innatismo

Como resposta ao condutismo, xurdiu a teoría mentalista ou innatista, a cal conta con Chomsky coma máximo expoñente e que se iniciou coa publicación da obra *Syntactic Structures* en 1957. A influencia chomskiana produciu unha revolución no campo da lingüística que se estendeu á psicoloxía. Trátase dun enfoque de base racionalista e mentalista fundamentado na idea de que a linguaxe resulta unha capacidade innata que se desenvolve grazas á Gramática Universal (o coñecemento implícito e compartido por todos os seres humanos dos principios e regras que subxacen a todas as linguas do mundo).

Segundo esta teoría, a través dun mecanismo fisiolóxico cerebral específico coñecido como LAD (*Language Acquisition Device*), un neno é quen de derivar as regras gramaticais a partir do input lingüístico que lle chega o seu ambiente guiado polas súas disposicións innatas, coma se fose un pequeno lingüista.

Doutra banda, desde o innatismo considérase a linguaxe coma unha habilidade cun funcionamento autónomo, separada doutras facultades cognitivas superiores. Asímeso, como resultado, un enfoque modular, se seguimos as *cuestións horizontais* presentadas previamente. Ademais, defínese a ontoxenia lingüística coma un proceso universal, innato, xeneticamente determinado e independente do contexto lingüístico e psicolóxico das crianzas.

A visión da linguaxe introducida por Chomsky sufriu numerosas variacións desde a súa formulación inicial, principalmente no que respecta ás afirmacións sobre o papel da Gramática Universal. En esencia, esta noción foi gañando máis elaboración en canto ao seu nivel de abstracción, grazas á incorporación da análise dun maior número de linguas:

Ha pasado de ser considerada como aquel conjunto de propiedades abstractas que todas as linguas poseen, es decir, una intersección de todas las gramáticas, a ser vista recientemente como la unión de todas las gramáticas, o como el conjunto de todos los principios posibles a partir de los cuales una gramática se concreta (Serra *et al.*, 2000, p.66)

As críticas recibidas polo innatismo céntranse principalmente no seu carácter fortemente universalista e modular, o que supón ignorar a variación individual e intralingüística e os paralelismos do desenvolvemento lingüístico co desenvolvemento cognitivo. Deste xeito, os innatistas non propuxeron respostas satisfactorias a cuestións como as desigualdades nos ritmos de aprendizaxe ou as interrelacións entre a intelixencia, a memoria e a linguaxe, indispensables para que un individuo sexa competente lingüisticamente.

Ademais das achegas chomskianas, dentro do enfoque innatista formulouse a Teoría da Maduración de Lennenberg, reflectida na súa obra *Biological Foundations of Language* (1967), a cal aborda a semellanza biolóxica entre os códigos xenéticos e os lingüísticos. Este autor sostén que a linguaxe se asenta no sistema nervioso central e nos órganos periféricos, de forma que estes atravesan un proceso de maduración orgánica vencellada coa idade do suxeito e co desenvolvemento doutras habilidades. Tamén defende que todas as linguas posúen elementos comúns (*universais lingüísti-*

cos), os cales reflicten propiedades cognitivas específicas que se correlacionan coas peculiaridades biolóxicas do ser humano. Polo tanto, as estruturas lingüísticas atópanse nun estado latente e precisan ser activadas para que se poida levar a cabo o proceso de desenvolvemento lingüístico.

2.3 Interaccionismo

As aproximacións interaccionistas conciben a adquisición da linguaxe como o resultado da intervención de diversos factores (sociais, cognitivos, lingüísticos) que se interrelacionan entre si. Existen dúas tendencias principais, segundo o peso outorgado ou ben ao compoñente cognitivo ou ben ao compoñente social: o interaccionismo cognitivista representado por Piaget e o interaccionismo social iniciado por Vygotsky. Malia as diferenzas, ambas as dúas correntes teñen en común o interese polos procesos de comprensión e de produción da fala e o feito de que recorreron a datos empíricos que apoiaron os seus principios.

Desde o interaccionismo cognitivo, deféndese a interdependencia do desenvolvemento lingüístico e do cognitivo. Fundaméntase na teoría do desenvolvemento cognitivo de Piaget, a cal postula que as estruturas de percepción e de coñecemento son froito da interacción continua entre o funcionamento sensorial por parte do neno e o seu ambiente lingüístico e non lingüístico. En consecuencia, a linguaxe é vista coma unha manifestación da función simbólica.

Ademais, este autor propuxo unha serie de estadios de desenvolvemento cognitivo vencellados de xeito directo cos estadios de desenvolvemento lingüístico: estadio sensoriomotor (0-2 anos), estadio preoperatorio (2-7 anos), estadio das operacións concretas (7-11 anos) e estadio das operacións formais (11-15 anos). O cativo, polo tanto, constrúe de maneira activa a súa linguaxe mediante os mecanismos cognitivos fundamentais: a organización e a acomodación. O contexto, pola súa parte, apenas posúe relevancia na maduración cognitiva.

Doutra banda, o interaccionismo social sostén que a ontoxenia lingüística se produce pola interiorización por parte do bebé das regras presentes no seu ambiente social, de forma que lle dá sentido ao mundo a partir das interaccións nas que participa desde o seu nacemento. A medida que as devanditas interaccións van sendo máis sofisticadas, as destrezas comunicativas infantís van evolucionando, polo que as necesidades e as intencións comunicativas se volven primordiais para o desenvolvemento lingüístico. Este modelo ten a súa orixe na teoría xeral da aprendizaxe elaborada nos anos vinte e trinta do século XX por Vygotsky, quen considera a fala coma un produto social que xoga un papel determinante na formación dos procesos mentais.

A diferenza principal entre as achegas piagetianas e as vygotskianas encóntrase no tipo de relacións que se establecen entre linguaxe e pensamento (Fernández Pérez, 1999). Nas primeiras, a linguaxe está supeditada á cognición nunha fase inicial, posto que primeiro debe desenvolverse certa capacidade cognitiva para que logo o neno socialice e vaia progresando a habilidade lingüística. Nas segundas, existe unha interdependencia, de xeito que ambas as dúas funcións xorden, maduran e mudan coma consecuencia da súa interrelación e dos influxos contextuais e cultu-

rais. De feito, o mesmo Vygotsky criticou o excesivo peso do compoñente cognitivo e a escasa atención dedicada aos aspectos culturais da teoría de Piaget.

2.3 Consideracións sobre as diferentes teorías da adquisición lingüística

As investigacións levadas a cabo a finais do século XX e comezos do XXI, sustentadas nos datos lingüísticos e en visións máis flexibles sobre o desenvolvemento da linguaxe, corroboraron a complexidade do proceso asociada á participación de varios factores xa adiantada polo interaccionismo e obrigaron a matizar ou reformular elementos da teoría innatista, así como a desbotar diversos aspectos do condutismo. Con todo, os tres marcos teóricos puxeron de manifesto características sobre a ontoxenia comunicativa que deben ser tidas en conta para unha aproximación multidisciplinar e empírica:

La tarea que hay que realizar en el estudio de la adquisición del lenguaje consistirá, en primer lugar, en familiarizarse con los factores en juego y con los datos correspondientes, para después resituar aquello que parezca innato y aquello que parezca aprendido, o valorar hasta qué punto parece claro qué es lo que pertenece a uno y otro ámbito, sin concluir, por ejemplo, que por el hecho de que alguna habilidad tenga componentes innatos toda ella lo tenga que ser. En segundo lugar [...] se tratará de revisar los diversos tipos de interacciones durante la adquisición, tanto aquellas que se den en el interior de cada componente del lenguaje, como las que se den entre los diversos componentes, así como las habilidades psicológicas y las condiciones sociales que le dan soporte. (Serra *et al.*, 2000, p.21)

As posicións condutistas destacaron a importancia do contexto, da imitación e do reforzo como mecanismos que interveñen na aprendizaxe. Pola súa parte, o innatismo acabou co empirismo radical, identificou a base psicolóxica da linguaxe e resaltou o rol da teoría lingüística na descrición dos fenómenos psicolingüísticos.

Na actualidade, o innatismo, o cal adoita identificarse con presupostos xenerativistas, non é unha aproximación teórica en si mesma, senón que se trata dunha *cuestión horizontal* cun enorme trasfondo filosófico que foi discutida por diversas correntes e que se atopa moi ligada ao modularismo. Por este motivo, Serra *et al.* (2000) resumen en catro as posturas fronte ao innatismo e ao tipo de procesos e de coñecementos necesarios para o desenvolvemento da lingua: innatismo modular, innatismo xenérico, construtivismo específico e construtivismo xenérico. Esta clasificación só resulta orientativa, xa que existe unha gran cantidade de matices nos puntos de vista e os autores adoitan presentar posturas intermedias.

En xeral, as visións innatistas diversificáronse ou ben se reformularon, pero o que si resulta innegable é o carácter innato das bases anatómicas e neurofisiolóxicas que fan posible o desenvolvemento da linguaxe como capacidade (Elman *et al.*, 1996).

3. As correntes actuais: o funcionalismo e o formalismo

No presente, as correntes tradicionais foron superadas, aínda que os debates teóricos relacionados coas cuestións horizontais aínda prevalecen. Os acordos entre as distintas teorías van na dirección do recoñecemento da complexidade do proceso de adquisición, da transcendencia da variación individual, contextual, interlingüística e intralingüística e do valor dos datos empíricos, lonxe de concepcións apriorísticas.

Historicamente, o interaccionismo uniuse ás propostas dos modelos funcionalistas e sociopragmáticos xurdidos nos anos setenta e oitenta nunha revalorización do papel do contexto comunicativo, onde resultan fundamentais estudosos coma Bruner, Brown ou Halliday. Xa a finais dos oitenta e durante a década dos noventa, desenvolveuse o conxestionismo e consolidouse a Lingüística Cognitiva. Froito de todas estas converxencias teóricas naceron novas correntes coma o emerxentismo (MacWhinney, 1999) ou os modelos baseados no uso (Tomasello, 2003), os cales comparten a premisa de que son os usos dos falantes os que van configurando a emerxencia lingüística, que discorre da man da maduración cognitiva.

Resulta difícil falar dun único modelo funcionalista, xa que aglutina unha serie de principios cognitivos, emerxentistas, baseados no uso e conxestionistas cuns límites pouco marcados. Non obstante, todos coinciden na importancia concedida á interacción social e aos usos comunicativos na construción da habilidade expresiva. De feito, nas investigacións empréganse numerosas etiquetas de maneira indistinta para facer referencia a enfoques funcionalistas; considéranse ‘construtivistas’, ‘baseados no uso’, ‘emerxentistas’ ou ‘cognitivos’, mesmo ‘pragmático-comunicativos’.

Desde posicións formalistas tamén se produciu unha evolución, como xa se aclarou no apartado anterior, desde a visión da linguaxe introducida por Chomsky, a cal sufriu numerosas modificacións e reformulacións no que atinxe á conceptualización da Gramática Universal. Neste senso, convén destacar os preceptos de Principios e Parámetros (Chomsky e Lasnik, 1991) ou do Programa minimista (Chomsky, 1995). Ademais, a cantidade de correntes de base formalista multiplicouse desde finais do século XX e foron incorporando na súa análise un número cada vez maior de linguas, de forma que a Gramática Universal:

Ha pasado de ser considerada como aquel conjunto de propiedades abstractas que todas as linguas poseen, es decir, una intersección de todas las gramáticas, a ser vista recientemente como la unión de todas las gramáticas, o como el conjunto de todos los principios posibles a partir de los cuales una gramática se concreta (Serra *et al.*, 2000, p.66)

Os enfoques formalistas caracterízanse polo seu elevado nivel de abstracción e céntranse máis na busca de sistematicidades, de xeito que consideran a gramática coma un conxunto de principios abstracto que é preciso explicar. Doutra banda, os enfoques funcionalistas reflicten un menor nivel de abstracción e resaltan o papel da frecuencia e do input, de maneira que as categorías lingüísticas emerxen a partir da interacción de factores sociais, cognitivos, lingüísticos e individuais.

Malia que a disparidade de correntes fai difícil unha unificación de principios, o certo é que moitas orientacións teóricas asumen presupostos de maneira integrada.

Con todo, ambos os dous paradigmas distínguense polos métodos de investigación utilizados, pola terminoloxía e pola interpretación dos fenómenos infantís. Ademais, coinciden na independencia outorgada ao obxecto de estudo e na necesidade de desterrar as valoracións prescritivistas que consideran os erros coma simples desviacións da norma e non coma elementos psicolingüísticos con relevancia evolutiva.

4. As metodoloxías actuais: o enfoque experimental e o enfoque observacional

Na actualidade, existen dous grandes paradigmas desde o punto de vista metodolóxico que se aplican na investigación da linguaxe infantil: o experimental e o observacional (Blume e Lust, 2017). Por tradición, o primeiro adoita ser empregado desde posicións formalistas e o segundo desde o funcionalismo, aínda que na práctica estas metodoloxías tenden a combinarse segundo as necesidades ou a finalidade de cada investigación particular.

En primeiro lugar, as técnicas experimentais teñen como meta provocar nos suxeitos estudados un comportamento verbal en concreto. Isto implica que se obteñen datos moi específicos nunhas circunstancias que se controlan con precisión. No eido da produción, úsanse probas de imitación de estruturas ou de secuencias lingüísticas e probas de elicitación nas que se achegan uns estímulos determinados cos que se pretende inducir certas respostas lingüísticas por parte dos individuos. No dominio da percepción, utilízanse probas coas que se miden diferentes tarefas de comprensión por parte dos bebés, o grao de execución de determinadas ordes ou aspectos coma o paradigma da mirada preferencial.

En segundo lugar, as técnicas observacionais buscan captar o comportamento que se rexistra en situacións da vida cotiá co mínimo intrusismo posible por parte da persoa que se encarga de recoller os datos, unha perspectiva denominada observación participante. Esta tradición iniciouse cos diarios de observación da fala dos bebés xa no século XIX e evolucionou ata os corpus multimodais de fala espontánea que constitúen a principal fonte de datos na actualidade. Tamén se adoitan empregar outros métodos complementarios, como as entrevistas semiestruturadas ou as probas baseadas en narracións.

En último lugar, cómpre destacar os aspectos positivos e negativos de cada paradigma. O experimental, sen dúbida, conta co gran beneficio de que permite obter unha gran cantidade de datos en tempo breve e ofrece un control moi riguroso das variables, polo que facilita a verificación de hipóteses e a rápida replicabilidade dos experimentos. Non obstante, a validez de certos estudos pode verse comprometida pola pouca naturalidade rexistrada nalgunhas probas, os propios nesgos dos investigadores ao deseñar os instrumentos e as dificultades para determinar o grao de comprensión dunha tarefa por parte dos suxeitos. O enfoque observacional, pola súa parte, posúe a vantaxe de que se consegue un volume de datos moi variados e moi ricos procedentes dun contexto no que as prácticas verbais examinadas son naturais e onde non aparecen variables estrañas froito do deseño do experimento. Porén, a construción dun corpus resulta moi custosa en tempo e recursos, non hai replicabi-

lidade porque non existe control de variables e cabe a possibilidade de que non se compilen mostras suficientes dos fenómenos verbais que se estean a investigar.

ACTIVIDADES PROPOSTAS

Coa intención de poñer en práctica os contidos das sesións expositivas, dedicaranse dúas sesións interactivas (tres horas) para a realización de actividades prácticas.

Para poder levar a cabo unha toma de contacto inicial coas cuestións tratadas, ao comezo da primeira sesión interactiva aplicarase un cuestionario no que se lle preguntará ao alumnado sobre cuestións xerais vinculadas coas teorías da adquisición da lingua para comprobar o seu grao de familiarización. Isto débese a que no primeiro curso das titulacións do Grao en Mestre de Educación Infantil e do Dobre Grao de Mestre en Educación Infantil e Primaria xa se cursan materias relacionadas coa psicoloxía evolutiva e coa psicoloxía da educación nas que se adoita introducir as correntes tradicionais pola súa importancia histórica en relación co estudo do desenvolvemento da cognición e da linguaxe como habilidades humanas xerais, polo que convén evitar solapamentos. Xeralmente, adoita haber un maior descoñecemento das teorías psicolingüísticas actuais e dos seus fundamentos, mentres que os principios teóricos do condutismo, do innatismo e do interaccionismo xa son sabidos polo alumnado, aínda que sen un afondamento nos aspectos puramente lingüísticos.

Aplicaranse un total de dúas actividades. A primeira, pensada para a primeira sesión, consiste na lectura e posterior comparativa de dous artigos de investigación breves e actuais sobre a adquisición da linguaxe (en concreto, sobre o desenvolvemento da fonoloxía) que estudan o mesmo fenómeno desde unha perspectiva máis funcionalista e máis formalista, respectivamente. O alumnado, de forma individual e por escrito, debe ler o artigo e identificar, de maneira reflexiva e achegando argumentos ben xustificadas, a que paradigma teórico cre que se adscribe cada un dos artigos. Posteriormente, farase unha posta en común entre todo o grupo de maneira oral.

A segunda actividade, que será elaborada na segunda sesión, é unha proposta de deseño dunha pequena investigación de carácter experimental sobre algún aspecto lingüístico da adquisición da linguaxe que o alumnado desexe estudar. Para iso, formaranse pequenos equipos de tres persoas e achegaráselles un modelo no que se lles presentarán os aspectos clave cos que debe contar un deseño experimental (as variables, o número de individuos sobre o que se vai aplicar, a lingua ou linguas que se estudarán e o tipo de proba ou técnica de análise que se aplicará). O obxectivo é que o alumnado se familiarice cos procedementos e técnicas de investigación experimental e que observe as diferenzas que existen respecto aos métodos observacionais e as mostras de fala espontánea obtidas de corpus de fala infantil, que serán abordados nas restantes unidades didácticas.

AVALIACIÓN

A avaliación da presente unidade didáctica levarase a cabo segundo o sistema de avaliación continua en dúas fases: procesual e final. A avaliación procesual correspóndese coas actividades das sesións interactivas (que serán elaboradas de maneira individual a primeira e en equipos de tres a segunda) e entregadas ao final da sesión interactiva correspondente.

Os contidos teóricos desta unidade didáctica avaliaranse no exame final conxuntamente co resto de contidos da materia. Esta proba escrita constitúe un 50 % na nota final, mentres que o conxunto das actividades e traballos vencellados ás sesións interactivas supoñen o outro 50 % da materia. De maneira aproximada, os contidos desta unidade teñen un peso do 20 % no exame final e un 20 % na avaliación total da materia. O exame combinará preguntas de definicións curtas con preguntas de desenvolvemento nas que se relacionen diferentes contidos teóricos, de maneira que será avaliado a través dunha rúbrica específica.

Respecto ás actividades das interactivas, estas serán avaliadas mediante os instrumentos da rúbrica e da escala de valoración. No caso das tarefas aplicadas nesta unidade didáctica, empregarase rúbricas e o peso destas na valoración total da unidade é dun 50 % (un 25 % por cento por cada actividade) tendo en conta que o outro 50 % se corresponde cos contidos teóricos que se examinarán na proba escrita final. Convén lembrar, á súa vez, que esta unidade conta cun peso dun 20 % na valoración total da materia.

Cómpre destacar que ademais do grao de adquisición e interiorización dos contidos teóricos, tamén se integran na valoración de todas as actividades e no propio exame aspectos da competencia comunicativa e de uso da lingua tanto no nivel oral como no escrito, tal e como corresponde a unha materia do ámbito lingüístico.

A corrección das actividades interactivas acompáñase non só dunha cualificación numérica vencellada coa rúbrica, senón que tamén se establece unha valoración cuantitativa coa que se busca potenciar a reflexión metacognitiva sobre o traballo do alumnado.

BIBLIOGRAFÍA

- BLOOM, Lois (1991): *Language development from two to three*, Cambridge: Cambridge University Press.
- BLUME, María e Barbara LUST (2017): *Research methods in language acquisition: principles, procedures and practices*, Washington: Mouton de Gruyter.
- CHOMSKY, Noam (1995): *The Minimalist Program*, Cambridge, MA: MIT Press.
- CHOMSKY, Noam e Howard LASNIK (1991): «Principles and Parameters Theory», en J. Jacobs, A. von Stechow, W. Sternefeld e T. Vennemann (eds.) *Syntax: An International Handbook of Contemporary research*, Berlin: Walter de Gruyter, pp. 506-569.

- ELMAN, Jeffrey, Elizabeth BATES, Mark H. JOHNSON, Annette KARMILOFF-SMITH, Domenico PARISI e Kim PLUNKETT (1996): *Rethinking Innateness: A Connectionist Perspective on Development*, Cambridge, Mass: MIT Press.
- FERNÁNDEZ PÉREZ, Milagros (1999): *Introducción a la Lingüística*, Barcelona: Ariel.
- HOFF-GINSBERG, Erika (1997): *Language Development*, London/New York: Brooks/Cole Publishing Company.
- INGRAM, David (1989): *First Language Acquisition: Method, Description, and Explanation*, Cambridge: Cambridge University Press.
- SERRA, Miquel, Elisabet SERRAT, Rosa SOLÉ, Aurora BEL e Melina APARICI (2000): *La adquisición del lenguaje*, Barcelona: Ariel.
- TOMASELLO, Michael (2003): *Constructing a Language: A Usage-based Theory of Language Acquisition*, Cambridge: Harvard University Press.



Unha colección orientada a editar materiais docentes de calidade e pensada para apoiar o traballo do profesorado e do alumnado de todas as materias e titulacións da universidade

unidadesdidácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA